



Área / Unidade EDUCACION ED0000 GCS	Documento 23618I01MR	
Código de verificación 	Expediente 236/2024/97	
0G50 5E6H 5B10 2B3Q 07SL	Fecha 19-07-2024	

ASUNTO: PROYECTO DE REPARACIÓN DE PISTA MULTIDEPORTE Y CIERRE EN EL CEIP VÍCTOR LÓPEZ SEOANE (ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2022)

OBJECTO DO CONTRATO:

O Concello da Coruña puxo en marcha os orzamentos participativos como unha ferramenta para que a veciñanza da Coruña decida libremente e de maneira directa en que empregar unha parte do orzamento municipal. No ano 2022, unha das propostas que obtivo máis apoios e resultou aprobada foi a relativa a reparación da pista multideporte e o peche o CEIP Víctor López Seoane.

O proxecto remitido polo Servizo de Edificación e redactado por Sabina Beatriz Lucas Quintáns, Arquitecta COAG nº 4241 contempla como obxecto o seguinte:

“El objeto del presente documento es el de definir las actuaciones necesarias en el CEIP Víctor López Seoane para renovar el pavimento de la pista multideporte exterior y el cierre de la zona norte de la parcela mejorando el estado de los mismos.

Se proyecta la ejecución de un nuevo pavimento de la pista multideporte previa demolición del existente. También se instalará un nuevo cierre de parcela en la zona norte, para mejorar la seguridad de los usuarios, puesto que el cierre existente presenta deficiencias. Además, se sustituirán los cerramientos laterales, cuyos entrepaños, tanto de malla de simple torsión, como la malla electrosoldada tipo Hércules, presentan un avanzado estado de oxidación y deterioro.”

A codificación correspondente a este contrato será a seguinte:

- 45236100-1 Traballos de explanación para diversas instalacións deportivas

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO::

De conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (en diante LCSP), a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos do artigo 28 da LCSP.

Logo da a súa aprobación nos orzamentos participativos, o proxecto aprobado consiste nunha renovación do pavimento da pista multideporte exterior e o peche da zona norte da parcela, logo de detectar en relación coa proposta aprobadas nos orzamentos participativos o mal estado desta zona de peche e os problemas existentes de seguridade para as persoas que acoden ao centro.

CALCULO DO ORZAMENTO DO CONTRATO E VALOR ESTIMADO:

O orzamento base de licitación, tal e como figura no orzamento do proxecto, é de 295.013,44 € (IVA incluído) dos que:

- 243.812,76 € euros corresponde ao orzamento base de licitación sen IVE.
- 51.200,68 €corresponden ó 21% de IVE.

Non se prevé a división en lotes do proxecto por tratarse da execución de obras recollidas nun único proxecto completo, o que garante a adecuada posta en funcionamento da instalación. Esta unidade funcional, require a intervención dunha única empresa, que será a responsable ante a administración contratante a todos os efectos.

Para a cobertura do gasto derivado da presente contratación, existe crédito adecuado e suficiente nas aplicacións seguintes, dentro do código de proxecto creado para o seguimento do mesmo **2023.2.60.2:**

- 60.323.6320123: 148.000,00 euros.
- 60.323.632.01: 147.013,44 € euros.

PRAZO DE EXECUCIÓN:

O prazo de execución previsto para este contrato é de **vinete semanas**, non existindo prazos parciais ou fitos de entrega a cumprir.

CONDICIONS DO CONTRATO:

O contratista executará as obras de conformidade co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local o 10/07/2024 (certificado do acordo consultable mediante código seguro de verificación 5N4D 3Z13 1Y45 526T 12X0) e segundo as prescricións técnicas establecidas neste, nos pregos de cláusulas do contrato, na oferta presentadas pola entidade adxudicataria e segundo as indicacións que formule a dirección facultativa e o responsable do contrato.

PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN POLO QUE SE OPTA:

O procedemento previsto para a adxudicación das obras, atendendo á súa escasa complexidade e o seu orzamento de licitación é o procedemento aberto simplificado (art. 159.1 a da LCSP).

XUSTIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN ELIXIDOS:

Os criterios de valoración propostos veñen establecidos polo informe emitido pola técnico municipal de Edificación e polo Xefe de Servizo de Edificación (CSV 3Z34 435W 4T0M 0X2T 0QZH) que se poden clasificar en dous grupos segundo o previsto na páxina 6 do documento:

- A. Criterios non avaliados automaticamente. (Oferta técnica).
- B. Criterios avaliados automaticamente.

VALORACIÓN DAS REPERCUSIÓNS DE CADA CONTRATO NO CUMPRIMENTO POR PARTE DA ENTIDADE LOCAL DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA OU SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

O contrato non repercute na estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da entidade local ao tratarse da mellora dunha instalación que repercutirá nun menor gastos de mantemento. Tal e



Concello da Coruña

como consta na memoria do proxecto (apartado 5) a superficie da pista presenta un estado deficiente xa que o acabado superficial se atopa moi deteriorado, con gretas e aparición de vexetación que esixen continuas intervención dos equipos de mantemento de instalación e de limpeza.

Por outra banda, o peche do perímetro mostra un considerable estado de deterioro como consecuencia da súa situación próxima ao mar e a incidencia dos elementos atmosféricos, o que produce oxidación, gretas, etc.

En resumo, a actuación a realizar suporá unha inversión e mellora do equipamento que repercutirá nun menor gasto de reparación, mantemento e limpeza.

Tendo en conta o exposto, a obra proposta cumpre cos principios contidos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira das Administracións Públicas.

A Coruña, na data que constan na firma dixital do documento.

A Xefa de Sección de Educación

Visto e prace
O Director